



Concello de Vigo
Expte. 4877/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 7/2025

SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE MARZO DE 2025

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 24 de febreiro, extraordinaria e urxente do 6 de marzo, extraordinaria do 13 de marzo, extraordinaria do 13 de marzo e extraordinaria do 20 de marzo.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

- 2.** Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2022 do Concello de Vigo; dación de conta. Expediente 1696/110 (Expte. Pleno 3172/1101).
- 3.** Solicitude de compatibilidade laboral de empregada municipal. Expediente 46074/220 (Expte. Pleno 4839/1101).

URBANISMO

- 4.** Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña. Expte. 18337/411 (Expte. Pleno 4875/1101)

Mocións:

- 5.** Moción do grupo municipal do BNG en apoio á manifestación nacional do día 6 de abril en defensa da Sanidade Pública. Expte. Pleno 4876/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista en apoio á manifestación convocada o día 6 de abril en Santiago de Compostela, en defensa de máis atención primaria, hospitalaria e máis sanidade pública galega. Expte.4878/1101

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS e outros acordos complementarios. Expte. 4881/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a por en marcha un plan para rebaixar as listas de espera de consultas na área Sanitaria de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 4882/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia apoio para esixir á Federación Española de Fútbol a publicación dos criterios e puntuacións das candidaturas presentadas e outros acordos complementarios. Expte. 4883/1101.
10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a exclusión de Balaídos da lista de estadios seleccionados para o Mundial 2030. Expte. 4884/1101

PARTE DE CONTROL

Resolucións.

11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/02/25 e o 23/03/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4879/1101)
12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/02/25 e o 23/03/25, incluídas no expediente 1872/1102 (Expte. Pleno 4880/1101).
13. **Formulación de rogos.**
14. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
 Aguiar Castro, Yolanda
 Alonso Suárez, Olga
 Aneiros Pereira, Jaime
 Caride Estévez, María José
 Espinosa Mangana, Elena
 Estévez Rodríguez, Pablo Luis
 Fernández Pérez, José Manuel
 Gómez Díaz, Gorka
 Iglesias González, Ana Laura
 Iglesias López, Patricia
 Lago Barreiro, M.^a del Carmen
 López Font, Carlos
 Mejías Sacaluga, Ana Maria
 Pardo Espiñeira, Francisco Javier

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
 García González, Patricia
 González Abeijón, Fernando
 Martín Peña, Jose Miguel
 Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
 Martínez Piñeiro, Ana
 Pérez Igrexas, Xabier

Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10) do día trinta e un de marzo do ano dous mil vinte e cinco (31/03/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

O Sr. Martín Peña, voceiro do grupo municipal do PP, ao abeiro do artigo 55.4 do Regulamento Orgánico do Pleno, invocando o artigo 42.2 do mesmo texto regulamentario, formula unha cuestión de orde pola que considera que a moción do seu grupo que figura no punto 10 da orde do día (expte 4884/1101) debería constar no punto 6 desa orde, polo que solicita que se altere a orde do día nese sentido.

O Sr. Pérez Igrexas, voceiro do grupo municipal do BNG, ao abeiro do artigo 55.4 do Regulamento Orgánico do Pleno, invocando o artigo 42.2 e o artigo 51.1 do mesmo texto regulamentario, formula unha cuestión de orde en termos similares á anterior. Toda vez que as mocións vense debatendo habitualmente de menor a maior representación dos grupos que as formulas e cando noutras ocasións pasou isto mesmo foi subsanado pola secretaría antes da sesión plenaria, de non actuar así neste caso se iría contra os actos propios desta corporación.

O Sr. Alcalde entende que esa moción do grupo municipal do PP (expte 4884/1101). ao tratarse dunha moción de control, ten que ser debatido en último lugar na parte de control da sesión plenaria, á que se traslada, figurando co mesmo ordinal (10º) na orde do día.

1.(39). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO, EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 6 DE MARZO, EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO, EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO E EXTRAORDINARIA DO 20 DE MARZO.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (27) da Corporación apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 2/2025 ordinaria, celebrada o 24/02/2025.

- Sesión núm. 3/2025 extraordinaria e urxente, celebrada o 6/03/2025.
- Sesión núm. 4/2025 extraordinaria, celebrada o 13/03/2025.
- Sesión núm. 5/2025 extraordinaria, celebrada o 13/03/2025.
- Sesión núm. 6/2025 extraordinaria, celebrada o 20/03/2025.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(40). PLAN ANUAL NORMATIVO CORRESPONDENTE AO ANO 2022 DO CONCELLO DE VIGO; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1696/110 (EXPTE. PLENO 3172/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do secretario xeral do Pleno, de data 11 de marzo 2025, que di o que segue,

«Asunto.- Seguimento do Plan Anual normativo do Concello de Vigo para 2022.

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 31/08/2017, desenvolvendo o sinalado no artigo 132.1 da Lei 39/2015, aprobou as "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa".

2.- Plan anual normativo correspondente ao ano 2021 do concello de Vigo. expte. 1672/110 (expte. Pleno 3379/1101). Informe do secretario xeral do Pleno, de data 14 de marzo de 2022, conformado pola concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, sobre cumprimento do mesmo.

3.- A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 5/11/2021, aprobou o proxecto do Plan anual normativo municipal para 2022. A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación en data 17/11/2021, ditaminou favorablemente esa proposta.

O Pleno, en sesión ordinaria de data 24/11/2021, punto 4 da acta da sesión (expte 3172/1101), aprobou o Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2022 (expte 1696/110) no que se incluían as seguintes normas:

- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.
- Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais
- Modificación da ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (expte. 78739/210)
- Ordenanza reguladora de zonas de baixas emisións de Vigo
- Ordenanza reguladora de vehículos de mobilidade persoal
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo.

O anuncio do acordo referido foi publicado no BOP de Pontevedra (en adiante BOPPO) núm. 251 do 30/12/2021 e na web municipal:

<https://transparencia.vigo.org/index.jsp?id=131&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

4.- As Directrices do Plan Normativo sinalan, "A *Secretaría xeral do Pleno* elaborará no primeiro trimestre de cada ano Informe Anual que reflectirá o grado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano anterior e as iniciativas adoptadas non incluídas inicialmente no Plan; o informe será elevado ao Pleno para o seu coñecemento e publicarse no Portal de Transparencia do Concello de Vigo. As Concellerías delegadas remitirán antes do 31 de xaneiro á Secretaría xeral do Pleno as razóns xustificativas dos eventuais incumprimentos do Plan

Anual Normativo do ano anterior" (Directriz sétima, aprobadas pola XGL en sesión do 31/08/2017, punto 16 da acta da sesión).

Mediante comunicacións de data 22/01/2025 (trámites 83 a 91 do expte electrónico 1696/110) esta Secretaría dirixiuse ás distintas Áreas e Servizos municipais que incluíron proxectos normativos para o ano 2022 ao obxecto de que, con anterioridade o 31 de xaneiro, emitiran informe do grado de cumprimento da previsión normativa proxectada. Transcorrido o prazo sinalado só dúas Áreas que no seu día propuxeron a inclusión de proxectos normativos no Plan Normativo do ano 2022 teñen respostado ao requirimento de informe.

Normativa aplicable.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPACAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL)

Cumprimentando o sinalado nas Directrices do Plan Normativo emítese, para o coñecemento do Pleno, o seguinte,

INFORME

Primeiro.- Cumprimento do Plan anual normativo 2022

I.- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais (Área de Medio Ambiente e Vida Saudable)

Consta que o Servizo de Medio Ambiente, no expte 12723/255, realizou o trámite de consulta pública previa (acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 05/05/2022 (punto 8 da acta da sesión). Non constan mais trámites.

En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 22/01/2025 (trámite 83 do expte 1696/110) o Servizo responde o 31/01/2025 (trámite 94 do 03/02/2025) o seguinte: *"Non obstante, tendo en consideración novas actuación que se prevían nos cemiterios municipais, novas zonas de cinceiros e de espaxamentos de cinzas, e a revisión do Decreto 151/2014, de 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia. que culminou coa aprobación pola Xunta de Galicia do novo Decreto 129/2023, de 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia, que incidirían significativamente na nova regulación da ordenanza motivou, entre outras consideración, que non se levase a cabo a súa tramitación para aprobación nese ano."*

No DOG núm. 177 do 18/09/2023 foi publicado o Decreto 129/2023, de 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia.

No Plan anual normativo para 2025, aprobado polo Pleno en sesión ordinaria do 25/11/2025 (BOPPO núm. 235 do 03/12/2025) se inclúe a "Ordenanza municipal reguladora dos servizos dos cemiterios municipais".

II.- Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais (Área de Medio Ambiente e Vida Saudable)

Ordenanza vixente: Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais aprobada polo Pleno do Concello 26/05/1994 (BOPPO núm. 200 do 18/10/1994), modificada o 26/05/2008 (BOPPO de 11/12/2008).

A esta Secretaría non lle consta que polo Área ou Servizo correspondente se tramitase o expediente de aprobación da ordenanza planificada.

En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 22/01/2025 (trámite 84 do expte 1696/110) o Servizo responde o 31/01/2025 (trámite 94 do 03/02/2025) o

seguinte: «O Servizo de Medio Ambiente pretendía unha revisión da citada ordenanza no ano 2022 co obxecto de actualizar os parámetros de vertidos á rede de saneamento municipal.

Examina a evolución da normativa na materia dende aprobación daquela ordenanza, dimanante fundamentalmente de directivas europeas, que levou á modificacións da Lei de augas estatal, lei de augas de Galicia, Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Aguas Residuais de Galicia, entre outros, constatouse a necesidade de abordar una nova ordenanza/regulamento conxuntamente con outras áreas municipais, en especial, coa Área de Fomento e Servizos que ten atribuído o control integral do ciclo da auga e que, de acordo do Regulamento marco galego, implicará a regulación das funcións da concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento neste control de vertidos.

Por estas razóns, entre outras, o Servizo de Medio Ambiente no abordou a modificación da dita ordenanza nese ano.»

III.- Modificación da ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (expte. 78739/210) (Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal)

A Ordenanza vixente foi aprobada definitivamente polo pleno en sesión do 31/01/2011 (punto 3.6 da acta da sesión) e publicada no BOPPO núm. 29 do 11/02/2011

A esta Secretaría non lle consta que a Área ou Servizo correspondente tramitase o expediente de aprobación da ordenanza planificada nin que a "Ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo" fora obxecto de trámite algún. Non consta resposta á solicitude formulada por esta Secretaría citada no antecedente catro.

IV.- Ordenanza reguladora de zonas de baixas emisións de Vigo (Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal)

Consta que o Servizo correspondente, no expte 127168/210, realizou o trámite de consulta pública previa (acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28/01/2022 (punto 8 da acta da sesión). Foron recibidas as seguintes suxestións no período de consulta pública incorporadas ao devandito expte 127168/210: doc. 220038655, trámite 44; doc. 220044927, trámite 45; doc. 220065526, trámite 46; doc. 220072355, trámite 47; e doc. 220120643, trámite 49. Non constan mais trámites.

Non consta resposta á solicitude formulada por esta Secretaría citada no antecedente catro.

No xestor electrónico de expedientes consta creado o 31/01/2025 o expte 142482-210 "Proxecto técnico ZBE" e o expte 142483-210 "Proxecto ordenanza ZBE". Á data deste informe ambos exptes carecen de contido documental, fora do trámite de creación.

V.- Ordenanza reguladora de vehículos de mobilidade persoal (Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal)

No expte 118921/210 consta que a "Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal" foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión de data 26/01/2022. No BOPPO núm. 37 do 23/02/2022 publicouse, consonte o artigo 49 da LBRL, anuncio da súa información pública e audiencia dos interesados a efectos de presentación de reclamacións e suxestións, 30 días. (Expte. 118921/210)

A "Ordenanza reguladora das condicións de circulación dos vehículos de mobilidade persoal nas vías urbanas na cidade de Vigo" foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión de data 22/04/2022 (punto 6 da acta da sesión) e publicado o seu texto integro no BOPPO núm. 94 do 18/05/2022 (Expte 118921/210)

VI.- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo (Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal)

A esta Secretaría non lle consta que a Área ou Servizo correspondente tramitase o expediente de aprobación da ordenanza planificada. En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 22/01/2025 (trámite 91) o Servizo responde o 28/01/2025 (trámite 92 do 29/01/2025) no mesmo sentido.

Segundo.- Órgano competente para a aprobación do Plan anual normativo nos municipios de gran poboación.

O Pleno, en sesión ordinaria de data 25/11/2024 aprobou o Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2025. O anuncio do acordo referido foi publicado no BOP de Pontevedra núm. 235 do 03/12/2025 e na web municipal: <https://transparencia.vigo.org/index.jsp?id=131&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

No informe proposta do Plan Anual normativo do Concello de Vigo para 2025, expte 1742/110, se indicaba o seguinte

«Terceiro.- Sobre o procedemento e o órgano competente.

O procedemento para levar a cabo a aprobación do Plan é o seguinte:

- A aprobación do Plan Anual Normativo municipal, redactado polo Servizo de Secretaría Xeral (directrices segunda e cuarta), deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (en adiante XGL).
- Unha vez aprobado, de acordo co artigo 2.1.) da Lei 19/2013, o Plan Anual Normativo debe publicarse no portal de transparencia da entidade local.

O Órgano competente para a súa aprobación, nos concellos do Título X da Lei 7/1985 (LBRL) (municipios de gran poboación), de acordo co establecido no art. 127.1.a) da LBRL, en relación co artigo 25 da lei 50/1997, de 27 de novembro, entendemos que corresponde á Xunta de Gobierno Local.

O Dictamen 752/2017, de 21 de novembro, do Consejo Consultivo de la Comunidad Valenciana, confirmaba que é práctica usual nos municipios de gran poboación a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do art. 127.1.a) da Lei 7/1985, -LRBRL-.

Se ben non consta referencia legal algunha que atribúa expresamente esta competencia a órgano municipal algún, compartimos esa opinión polos motivos seguintes.

En primeiro lugar, pola propia consideración xurídica do Plan Normativo, conforme o entende a xurisprudencia. Así, entre outras, a Sentencia do TSJ de Castilla y León de 14 de outubro de 2022:

- *"...La naturaleza del plan normativo es la de un instrumento de carácter programático, carente de valor normativo, por lo que no puede afectar a la validez de la Ordenanza. Por otra parte, en el presente supuesto, la ausencia de un plan normativo no ha impedido la participación ciudadana en la elaboración de la Ordenanza fiscal, pues se ha dado a la tramitación suficiente publicidad. Teniendo en cuenta lo señalado, ha de concluirse que el vicio sería de carácter formal, no habiéndose acreditado que haya causado indefensión material a algún interesado."*

Conforme a esta interpretación, ademais de acreditar que a súa ausencia non supón a nulidade do texto normativo que sexa aprobado seguindo o procedemento legalmente establecido, se afirma que o Plan Normativo non é un instrumento inserido no proceso de xeración da nova regulamentación, o que suporía que tería que estar atribuído ao Pleno da Corporación, senon como unha medida de transparencia que se instaura co obxectivo de facilitar o seguimento e control da actividade administrativa.

En segundo lugar, conectado co anterior, se entende que ese Plan se debe elaborar por quen de forma ordinaria *plantea* este tipo de propostas ao órgano que posteriormente resolverá sobre a súa aprobación, como medida de anticipación á labor que se vai desenvolver posteriormente durante o exercicio. Polo tanto, o mais coherente é entender que este documento (Plan normativo) ten que ser aprobado por quen, de forma ordinaria, vai a elevar as propostas normativas ao órgano competente para a súa aprobación definitiva. Neste senso, parece que se pronuncia expresamente o citado art. 132 LPAC al conter o inciso "*...que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.*"

En terceiro lugar, e nesa mesma liña de coherencia, nos municipios de gran poboación o art. 127.1 LRBRL atribúe á Xunta de Gobierno Local no só a competencia para aprobar os proxectos de ordenanzas e regulamentos, xenon en termos xerais, as funciones executivas do Gobierno Local, polo que parece lóxico que sexa este órgano quen aprobe o Plan Normativo.

A pesares do antes sinalado, de non reunir a natureza de norma regulamentaría e non ser o instrumento normativo adecuado para asignar competencias aos órganos municipais, a directriz cuarta das arriba sinaladas (aprobadas pola XGL) atribúe a competencia para a aprobación "definitiva" ao Pleno nos termos seguintes: "*CUARTA. A Secretaría xeral do Pleno propondrá a aprobación previa do proxecto de Plan Normativo á Xunta de Gobierno Local con anterioridade ao 1 de novembro do ano anterior a súa vixencia; o proxecto será elevado ao Pleno para a súa aprobación na sesión ordinaria do mes de novembro e publicarse no BOP e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data anterior ao 31 de decembro.*" En cumprimento desta directriz en anteriores exercicios se ven aprobando o plan normativo anual do Concello de Vigo polo Pleno. A maioría simple será a requirida para esa aprobación do Plan Anual Normativo, seguindo a regra xeral do artigo 47.1 da LRBRL.»

Aos razoamentos anteriores xa esgrimidos, cabería engadir que a cláusula de *cierre* das competencias municipais para os municipios de gran poboación na Lei 7/1985 LRBRL, ven establecida no seu artigo 124.4.ñ) cando establece:

«124.4. En particular, corresponde al Alcalde el ejercicio de las siguientes funciones:

ñ) Las demás que le atribuyan expresamente las leyes y aquéllas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no se atribuyan a otros órganos municipales.»

Pola súa banda a Alcaldía en resolución do 20/06/2023, dictada no expte electrónico 1484-1102 (BOP núm. 124 do 28/06/2023), resolveu:

"PRIMEIRO.- A Xunta de Gobierno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

[...]

2. A aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos.

[...]"

Polo tanto, de modo consecuente co anterior, recoméndase a modificación das "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa", aprobadas pola XGL en sesión do 31/08/2017, de modo que se estableza a designación da Xunta de Gobierno Local como órgano competente para a aprobación do Plan anual normativo.»

DITAME. Con data 24 de marzo de 2025, a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, toma coñecemento do informe do secretario xeral do Pleno.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do informe do secretario xeral do Pleno, de data 11 de marzo de 2025.

3.(41). SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE LABORAL DE EMPREGADA MUNICIPAL. EXPEDIENTE 46074/220 (EXPTE. PLENO 4839/1101).

ANTECEDENTES: Con data 19 de febreiro de 2025, o técnico de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación co conforme da concelleira delegada de Normalización Lingüística e Educación, RRHH e Formación e da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emiten o seguinte informe proposta,

«I.- D^o B. Arranz González, empregada municipal con número de persoal 83606, con praza e posto de enxeñeira industrial, pertencente ao subgrupo A1, solicita autorización de compatibilidade coa actividade de profesora substituta a tempo parcial, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo, no Grao de Enxeñaría Eléctrica, achegando a seguinte documentación:

- 1-Email de invitación de contrato realizada por parte da Universidade de Vigo
2. Listado de profesores aptos emitida pola Universidade de Vigo, en condición de seren contratados como profesor/a substituto/a.
- 3- Oferta de contrato realizado á solicitante con horario establecido pola Universidade de Vigo (45 horas mensuais durante o segundo cuatrimestre).
4. Certificado de compatibilidade de horarios emitido pola Universidade de Vigo.
5. Táboa salarial da Universidade de Vigo.

II.- Consta incorporado ao expediente (trámite 19) o seguinte certificado sobre a vinculación profesional da solicitante co Concello de Vigo:

*"En relación coa petición efectuada por D^a. B. ARRANZ GONZALEZ con DNI , ***7035** na solicitude presentada no rexistro web en data 01/02/2025, documento administrativo 250023563, e que forma parte do presente expediente electrónico, infórmase o seguinte:*

*Que segundo os datos existentes nesta Área de Recursos Humanos e Formación, compróbase que, salvo erro ou omisión, Da. B. ARRANZ GONZALEZ con DNI , ***7035**, é empregada pública, Funcionaria de carreira con praza de Enxeñeira industrial (subgrupo A1), dende 16/09/2019 e continuando a prestar servizos na actualidade no Concello de Vigo, adscrita ao servizo Electromecánicos, con domicilio de traballo en Praza do Rei no 1 de Vigo, sendo actualmente o horario de 07:30 horas a 15:00 horas."*

III.- Mediante notificación de data 13/02/2025, requiríuselle á interesada a emenda da súa solicitude, aos efectos de que presentase certificado da Universidade onde se pretende desenvolver a outra actividade, no que se recolla expresamente as retribucións exactas previstas a percibir durante o exercicio 2025, e que foi contestada a través da presentación no rexistro electrónico do documento nº 250032708 (trámite 28 do expediente).

IV. En data 14/02/2025, a técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos emite o seguinte informe técnico sobre as retribucións municipais da solicitante:

"Visto o informe técnico solicitado en relación as retribucións anuais da empregada municipal B. ARRANZ GONZÁLEZ, nº persoal 83606, infórmase:

As retribucións anuais do posto ao que se atopa adscrita a devandita funcionaria (281 – Enxeñeiro/a Industrial), son as seguintes

Posto	281 – Enxeñeiro/a Industrial	
Subg de Titulación	A1	17.560,44 €
C. Destino	26	11.695,32 €
C. Específico	680	21.252,42 €
	Total	50.508,18 €

VI-Segundo o certificado da Universidade de Vigo achegado pola propia solicitante sobre cales serían as retribucións que lle corresponderían pola actividade de profesora, estas ascenderían a cantidade en bruto de 473,20€ mensuais.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con " el desempeño, por si o mediante substitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma " (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público " será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia" (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público " es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio " (artigo 3.2).

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que "no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes." (artigo 1.2).

A referida Lei, contempla algunhas excepcións ao principio xeral de incompatibilidade dunha segunda actividade pública.

Así prevé que poderase autorizar a compatibilidade para o exercicio de aquelas actividades que, "por razones de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma en el ámbito de sus competencias", en cuxo caso, " la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral." (artigo 3.1)

Unha de esas excepcións ven referida no artigo 4.1. "Podrá autorizar la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada."

O segundo apartado do referido artigo: "Al personal docente e investigador de la Universidad podrá autorizarse, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, la compatibilidad para el desempeño de un segundo puesto de trabajo en el sector público sanitario o de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación del sector público..., siempre que los dos puestos vengan reglamentariamente autorizados como de prestación a tiempo parcial.

Recíprocamente, a quienes desempeñen uno de los definidos como segundo puesto en el párrafo anterior, podrá autorizarse la compatibilidad para desempeñar uno de los puestos docentes universitarios a que se hace referencia... "

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes requisitos e límites:

1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)

2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)

3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
- Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
- Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.

A superación de estes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (actualmente prorrogada), establece no artigo 21: "*En el año 2023 las retribuciones de los ..., Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.*

	Director General y asimilados (Euros)
Sueldo.*	15.237,60
Complemento de destino.	16.047,60
Complemento específico.	27.763,20

Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:

	Director General y asimilados(Euros)
Sueldo.	872,90

*Ao que habería que engadir as subas correspondentes nas retribucións durante os anos 2023 e 2024 (2,5%).

Á vista das retribucións municipais que percibe a solicitante segundo o informe técnico transcrito nos antecedentes, así como as retribucións que lle corresponderían pola actividade de profesora segundo certificado emitido pola Universidade de Vigo, a suma total estaría dentro dos límites establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas para poder autorizar a compatibilidade solicitada.

Por outra banda, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o artigo 16 da referida Lei, indica:

"1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.

O apartado 3 e 4 contempla as excepcións:

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

Pola súa banda o artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril, establece: *"En todos los puestos en que la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada de tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supere las treinta horas semanales".*

No presente caso e a vista dos datos achegados (dedicación a tempo parcial - 40 horas mensuais, durante o segundo cuatrimestre -; retribucións percibidas polo desenvolvemento do traballo na universidade - 473,20€ mensuais-, certificado horario -que acredita a non modificación da xornada de traballo e horario-) non suporía a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas anuais establecidas legalmente, cumprindo así mesmo a compatibilidade coa xornada e horario de traballo.

O tema de incompatibilidades do persoal das administracións públicas está en continua evolución a través do tratamento e análise que ao respecto se dá por parte da xurisprudencia nos últimos anos (citando a título de exemplo as sentenzas STS 5378/2019, de 26/04/2019 ou STS 4705/2023, de 16/11/2023, entre outras).

Á última sentenza a destacar neste ámbito é a STS 1.022/2024, do 10/06/2024 (recurso de casación 1789/2022).

Nela trátase de determinar se, para o criterio legal que establece o límite das retribucións que delimitan o ámbito de compatibilidade da función pública coas actividades privadas (no marco de aplicación do artigo 16.4 da lei), deberá terse en conta só aquel compoñente do

complemento específico efectivamente cuantificado en razón das funcións concretas de cada posto de traballo, ou tamén aquela parte do complemento específico que nada ten que ver coas características específicas do posto, senón que é uniforme para cada emprego o categoría.

A conclusión do alto Tribunal é favorable neste caso aos intereses do interesado, delimitando a parte concreta do complemento específico que afecta á hora de realizar a cuantificación;

(...) "la conclusión ha de ser que solo aquel componente del complemento retributivo que en realidad guarda relación con las características de cada puesto de trabajo puede razonablemente ser tenido en cuenta a la hora de calcular si se supera el 30% de las retribuciones básicas y, por tanto, si cabe la compatibilidad con una actividad privada. La solución opuesta pecaría de vacío formalismo y, sobre todo, podría resultar aleatoria: superar o no el citado techo del 30% dependería de qué conceptos retributivos -cualquiera que sea la finalidad de los mismos- se encuadran dentro del complemento específico. Dicho de otro modo, la rígida interpretación llevada a cabo por el acto administrativo recurrido y la sentencia impugnada solo sería convincente si estuviera rigurosamente prohibido que el complemento específico comprenda nada ajeno a las características de cada puesto de trabajo."

Sen prexuízo da nova interpretación xurisprudencial exposta, cómpre lembrar unha vez máis que, a solicitude da interesada no presente expediente é para unha actividade pública de profesora universitaria, quedando á marxe pois do suposto analizado na propia sentenza e referida ao artigo 16.4 da lei, de aplicación no ámbito de compatibilidades con actividades privadas.

IV.- A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. ...»

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Con data 24 de marzo de 2025, a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, toma coñecemento do informe do secretario xeral do Pleno.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos (24) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, mais os membros do grupo municipal do Partido Popular (5) señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de autorización de compatibilidade á funcionaria D^o B. Arranz González, enxeñeira industrial do subgrupo A1, con número de persoal 83606, coa actividade de profesora substituta a tempo parcial na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros/as Industriais da Universidade de Vigo, Grao de Enxeñaría Eléctrica,

perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo nesta administración municipal, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ámbolos dous postos, cos límites reseñados na presente proposta.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada e á xefatura da Área de Fomento, indicándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

4.(42). APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO, EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 18337/411 (EXPTE. PLENO 4875/1101)

ANTECEDENTES: Con data 12 de marzo de 2025, a técnica de Admón. Xeral e a xefa do departamento de Desenvolvemento urbanístico, co conforme do Xerente de Urbanismo e da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe-proposta,

«Examinado o presente expediente, consistente na tramitación do *«Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»* instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo polo arquitecto- coordinador dos traballos D. Angel J. Santorio Cuartero, en data 11.03.2025 asociado ao Doc. Núm.250054530, que se corresponde coa versión para a súa aprobación definitiva, documentación datada en febreiro de 2025, e cuxos documentos están provistos da sinatura electrónica válida do coordinador dos traballos, refundida e axustada ao informe favorable previo á aprobación definitiva emitido pola Directora Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia en data 12.02.2025, consonte ao pautado no artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,(en diante LSG) aos efectos de proceder á aprobación definitiva do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte Informe Xurídico con Proposta de Acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. Información urbanística vixente: Clasificación urbanística do ámbito afectado

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM/2008 aprobado definitivamente mediante as Ordes de 16.05.2008 (de forma parcial) e do 13.07.2009 (documento de subsanación de deficiencias), dita declaración de nulidade significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de *"Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU-88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto, de Adaptación do Solo a Galicia"*, o cal foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 (o acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 87 do 10.05.1993 e a súa normativa e ordenanzas foi publicada no BOPPO núm. 133, do 14.07.1993).

O vixente PXOU/1993 clasifica os terreos do presente ámbito na súa maior parte como solo urbanizable programado (B-SUP-PP-I, plano de clasificación e cualificación do solo núm. 13-32, E 1:2 000); e unha parte ao suroeste do PEI está clasificada como solo non urbanizable de núcleo rural existente tradicional (07-01-Igrexa-C) á que lle resulta de aplicación a ordenanza 3.3 (cultural e social). Non consta aprobado instrumento de planeamento de desenvolvemento do ámbito.

O PXOU/1993 é un instrumento de planeamento xeral aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e non adaptado a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). Polo tanto resúltalle de aplicación o réxime previsto na Disposición Transitoria 1ª apartado 2º da LSG, e o pautado en similares termos na Disposición Transitoria Segunda, apartado 2, do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) aprobado polo Real Decreto 143/2016.

Na revisión do PXOM en tramitación, con aprobación provisional do 28.12.2023 o ámbito atópase clasificado como solo urbano non consolidado (código 615, Camposancos- da Pedreira – Matamá) e unha pequena esquina como solo urbano consolidado estando cualificado como sistema local de equipamento dotacional existente, código 160 (Exp.15313/411).

I.II. Actuacións administrativas realizadas

I.II.1. Expediente de Contratación

Prevía a oportuna tramitación e de conformidade co pautado na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en data 04.03.2021 no eido das atribucións conferidas polo artigo 5.2 dos vixentes Estatutos desta XMU, o Xerente de urbanismo e o Secretario da XMU, validaron a proposta de formalización da contratación do servizo para a asistencia técnica correspondente á redacción do presente «Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» (Exp.12670/407).

En cumprimento do estipulado no amentado contrato administrativo, con data do 04.06.2021 o equipo redactor achegaba a través do rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod.Sol.W531585-8128 e Doc. Núm.210098276) documentación técnica consistente en: Borrador e documento ambiental Estratéxico do «Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña».

I.II.2. Procedemento ambiental

Con data do 08.07.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo ditou Resolución, pola que se dispuxo, solicitar o inicio do procedemento de Avaliación ambiental simplificada ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, cuxa parte resolutoria reza como segue: <<Primeiro.- Solicitar ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal), e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro, e poñer a súa disposición a tales efectos xunto coa solicitude formulada o Borrador do Plan e Documento ambiental estratéxico, redactado por un equipo multidisciplinar configurado polos arquitectos Dª Laura Pena Porto , D. Santos Vila González, e D. Ángel J. Santoiro Cuartero (coordinador dos traballos), a técnica superior de urbanismo Dª Paz Doblas Carrera e pola enxeñeira medioambiental Dª Noemí López Rodríguez, baixo a supervisión dos servizos técnicos desta XMU- entidade impulsora e promotora da presente actuación- e asinada dixitalmente con firma válida polo dito arquitecto- coordinador D. Angel J. Santorio Cuartero, con data abril de 2021.>>

En cumprimento do resolto, procedeuse a dar traslado da dita Resolución, ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, xuntando o Borrador e DAE, solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I, do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

En cumprimento do instado por esta administración, con data do 27.09.2021 a referida Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ditou Resolución, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, (expediente 2021AAE2592), ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevén efectos ambientais significativos, e ao que se xunta unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o DAE o o Borrador, e que corresponden aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, e Instituto de Estudos do Territorio, nos que conclúen respectivamente que:

- O informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sinala que, *"O obxecto do PEID é crear un novo acceso rodado e peonil ao CEIP Don Camilo, a través de solo clasificado como Solo urbanizable e Solo Urbano. O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLDG."*

- O informe do Instituto de Estudos do Territorio, sinala que, *"O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao CEIP"*.

Dita Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, inseriuse mediante anuncio do 28.09.2021, no DOGA núm. 197, de data 17.10. 2021, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do presente PEID.

I.II.3. Da aprobación inicial

Previa a oportuna tramitación, e trala emisión dos correspondentes informes sectoriais previos ao presente trámite, con data 19.04.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte Acordo: <<PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322, actualizada e refundida, achegada en soporte dixital, elaborada con data xaneiro de 2024 polo arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero. SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de senllos anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coas características do ámbito e consonte á normativa urbanística e sectorial de aplicación; en todo caso, informe de estradas de Galicia por estar suxeita ás afeccións da estrada PO-552 de competencia autonómica, informe en materia de patrimonio, (artigo 34 da LPCA). Á vista do

resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG. TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no Portal de Transparencia.>>

Deste xeito, en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no "Faro de Vigo" do 26.04.2024, e no "Diario Oficial de Galicia" núm. 96 do 20.05.2024, así como na sede electrónica do Concello de Vigo e no BOE núm. 130, do 29.05.2024; Asemade procedeuse a recadar os informes sectoriais que resultan preceptivos nesta fase do procedemento, do xeito e co resultado que se indicará no corpo da presente.

Respecto ao resultado da información pública realizada, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia do xefe dos servizos centrais da XMU de data 01.08.2024 así como certificación do resultado da exposición pública asinada polo secretario da XMU co visto e prace da Concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, nas que se fai constar que o, "Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 26 de abril de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 96, do 20 de maio de 2024), na sede electrónica do Concello de Vigo e no Boletín Oficial do Estado (número 130, do 29 de maio de 2024). durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
14/05/2024	240151048	Alfredo Rial Fernández
19/06/2024	240181183	Mª del Carmen Alonso Vidal

Fóra do dito prazo presentouse o seguinte escrito de alegación:

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
31/07/2024	240233971	Mª del Carmen Fernández Gesteiro e Araceli Fernández Fernández (herdeiras de José Fernández Fernández)

I.II.4. Da aprobación provisional

Prevía a oportuna tramitación, e trala emisión dos correspondentes informes sectoriais previos ao presente trámite, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 2 de decembro de 2024, adoptou o seguinte ACORDO: Prestar aprobación, con carácter provisional ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en datas 07.10.2024 e 12.11.2024,- Doc. Núm. 240306655 e Doc. Núm. 240346826 - actualizada e refundida, achegada en soporte dixital, redactada e asinada dixitalmente polo arquitecto A.J.S.C, con data setembro de 2024. TERCEIRO: Someter o «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo, para o seu informe preceptivo no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das

determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, que deberá ser emitido no prazo de (2) dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería competente. Transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe recadado, se entenderá emitido con carácter favorable, podendo continuarse coa tramitación do plan(..).

En cumprimento do acordado, mediante oficio do 09.12.2024 asinado pola Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, remitiuse o presente expediente, provisionalmente aprobado, á Dirección Xeral de Urbanismo, da actual Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, completo e debidamente dilixenciado, para o seu informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do RLSG;

Así as cousas, con data 12.02.2025 a Directora Xeral de Urbanismo, emite o correspondente informe previo á aprobación definitiva do PEI ao abeiro do previsto no artigo 75.e) da LSG e do artigo 186 do RLSG, de carácter FAVORABLE, condicionado ao cumprimento das observacións nel formuladas, no seu apartado IV (Doc. Núm. 250033142 do expediente electrónico).

Deste xeito, con data 11.03.2025 o arquitecto-director dos traballos, presenta no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica refundida, versión para a súa aprobación definitiva (Doc. Núm. 250054530).

Elevado o expediente, a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, en data 11.03.2025 emite informe técnico favorable ao presente trámite de aprobación definitiva, co seguinte contido:

"(..)Na proposta para a Aprobación Provisional do PEID especificabase a obriga de obter o informe preceptivo e previo á Aprobación Definitiva da administración autonómica.

Segundo os artigos 75.1.e. da LSG e 186.1.e. do RLSG ao ser un plan non previsto no planeamento requirirá a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das directrices de ordenación do territorio e dos plans sectoriais. O plan será aprobado provisionalmente e sometido co expediente completo debidamente dilixenciado ao informe da Dirección Xeral de Urbanismo para o informe preceptivo.

Solicitado dito Informe o 13/12/2024 xunto a documentación técnica e o expediente administrativo, foi emitido informe o 12/02/2025 pola Directora Xeral de Urbanismo de carácter favorable, no que expresa:

"...emítase informe preceptivo previo á aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", favorable condicionado ao cumprimento das observacións formuladas no punto IV"

Trasladado o informe a equipa redactora achega en data 10/03/2025, documento nº 250054530 nova documentación na que corríxense ou xustifanse o condicionado do punto IV.

IV.1 No tocante ao expediente administrativo:

1.Desfase de 8 documentos dun total de 325, entre o índice e a documentación técnica remitida.

Non existe unha concordancia entre o número de arquivos que se descargan e os reflectidos no índice do expediente, isto é porque o expediente dixital descárgase completo, incluíndo arquivos .xml e .xsig; pero no índice soamente reflíctense os arquivos .pdf porque os .xml e .xsig non se visualizan.

2.Non consta no expediente consulta ou remitida a solicitude as empresas de xeración, transporte ou distribución das infraestruturas eléctricas da zona, tal como sinala o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 27/05/2024

A solicitude de información á compañía distribuidora (UFD Distribución electricidade, S.A. fíxose dentro do expediente 309/403: Estudo Novo acceso ao Colexio Público de Educación Infantil Párroco Don Camilo, e nun momento previo á elaboración do PEID. Este expediente está vinculado ao 18337/411 e a resposta da empresa distribuidora, de data 12.03.2021, foi a seguinte:

Que esta Sociedade informa, pode realizar a descarga das redes existentes dende a plataforma Inkolan: www.inkolan.com. Se o que desexa é a modificación das instalacións existentes, ou unha nova necesidade, debe realizar a apertura dun novo expediente dende as seguintes canles: <https://www.ufd.es/gestiones-en-linea/atencion-alcliente/> ou 900 111 999.”

Feita a descarga, verificáronse as redes presentes na zona e descartar a afección das obras a estes servizos e, aínda que o PEID non contempla novos consumidores, prevíuse a execución dunha canalización soterrada que, no caso de que un futuro desenvolvemento demandase novos subministrados, puidese aloxar esta infraestrutura eléctrica sen necesidade de facer novas obras no vial xa urbanizado

IV.2 No tocante á documentación técnica:

1. Especificar o viario proposto como sistema local

Modificado no documento escrito e gráfico como SL IC a obter

2. Clasificación do solo do ámbito nos planos de ordenación

Inclúese a grafía e a lenda do PGOU93 e a transparencia para ver os límites da clase do solo.

3. Grafitado das aliñacións, prazas de aparcamento, arboredo e acoutado do seu largo.

Inclúese nos planos de ordenación.

4. Xustificación da integración do informe de Aviación Civil.

Integráse o párrafo sinalado

5. Discrepancias numéricas do custe das obras na memoria e no estudo económico.

Enméndanse.

6. Falta de coincidencia da conexión coa rede eléctrica cos planos de información.

O plano PORD_10_REDELECT non pretende reflexar ningún punto exacto de conexión coa rede eléctrica existe xa que, segundo exposto no punto 2, a nova infraestrutura non xenera ningunha nova demanda de subministro.

De calquera xeito, o documento prevé a execución dunha canalización soterrada que, no caso de que un futuro desenvolvemento demandase novos subministrados, puidese aloxar esta infraestrutura eléctrica sen necesidade de facer novas obras no vial xa urbanizado.

IV.3 Adaptación as Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia:

Sinaturas dixitais, declaracións responsables, dilixenciado, codificación do instrumento, denominación dos arquivos das alternativas do cartafol 07.AAE, simboloxía e grafismo, tratamento dos datos persoais.

Enmendáse os erros detectados no documento técnico e, noutros casos, terase en conta para a inscrición do documento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

IV.4 Outras observacións:

Elimínanse os arquivos duplicados da carpeta, mantendo os asinados.

En conclusión, entendendo cumprido o condicionado do Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de 12/02/2025, remitiéndome en todo o demais aos informes técnicos da arquitecta adscrita ao departamento de planeamento e xestión de data 15/11/2024 e do enxeñeiro de infraestruturas de data 19/11/2025, polo que procede elevar o expediente ao órgano competente para a Aprobación Definitiva (..).“

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa examinada

- Plan básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,
- TRLS/2015 (Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- RLSG (Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLS),
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II.II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

Os plans especiais de infraestruturas e dotacións, de conformidade co disposto nos artigo 73 da LSG e 183 do RLSG, teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos termos da LSG e o RLSG.

O 177.1 do RLSG dispón que, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral.

Neste marco, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo é un plan especial non previsto no plan xeral; Deste xeito, no informe emitido en fase de consultas do 02.09.2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se sinala que *"O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLSG."*

O presente PEID emprázase nos barrios de Tombo e Eidos, na parroquia de Comesaña entre o CEIP Párroco Don Camilo ata a estrada de Camposancos (PO-552) discorrendo nun eixo Noreste -Sudeste.

O vixente PXOU/1993 clasifica os terreos do presente ámbito na súa maior parte como solo urbanizable programado (B-SUP-PP-I, plano de clasificación e cualificación do solo núm. 13-32, E 1:2 000); e unha parte ao suroeste do PEI está clasificada como solo non urbanizable de núcleo rural existente tradicional (07-01-Igrexa-C) á que lle resulta de aplicación a ordenanza 3.3 (cultural e social). Non consta aprobado instrumento de planeamento de desenvolvemento do ámbito.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos, remitímonos integramente ao reflectido no informe técnico do 15.11.2024, así como a Memoria do PEID que identifica o obxecto do PEID como a implantación dun novo acceso de comunicación viaria, rodada e peonil, ao CEIP Párroco Don Camilo dende a estrada de titularidade autonómica PO-552 a través de solo clasificado como solo urbano e solo urbanizable.

O PEID ven xustificado pola necesidade de dotar dun acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria ao CEIP, dando resposta á necesidade concreta e urxente do centro escolar, á vista dos antecedentes e informes que constan no expediente.

A ordenación proposta establece a cualificación do solo como dotacional e non modificará a clasificación do solo, de conformidade cos artigos 70.5 da LSG e 178.2 do RLSG.

O solo destinarase a usos dotacionais de comunicación viaria e, en menor medida, de equipamento sociocultural de uso educativo (referido á ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais do PXOU93 vixente) libre de edificación, necesarios para servir de conexión e acceso desde o propio vial ata o centro escolar. O axuste no solo adicado a equipamento (ordenanza 3.3) da situación de orixe vese compensada na ordenación proposta coa zona sinalada de conexión co vial proxectado.

A proposta amosa un viario de sección transversal de 16 metros e de pendente máxima ao 12%, cuxo desglose de anchos/datos mínimos incorporase á ficha resumo de magnitudes da memoria. Así mesmo, a proposta incorpora un itinerario peonil adaptado, que acompaña o percorrido deste viario, cunha pendente que non supera o 6%, tendo en conta o disposto na normativa estatal en materia de accesibilidade, o cal garante a accesibilidade peonil dende a estrada autonómica PO-552 buscando adaptarse á topografía do ámbito.

O proxecto axusta a topografía actual ao longo do seu percorrido para facilitar o acceso ao centro escolar baixando a cota de chegada do viario ao CEIP. Neste senso, o PEID sinala que o deseño definirase ao pormiúdo no proxecto de urbanización e a definición xeométrica da actuación e o seu acomodo mediante plataformas ou banqueos á topografía. Xa que logo, o proxecto de urbanización deberá prestar especial coidado nos bordes do ámbito delimitado e a resolución dos accesos ao CEIP mediante as solucións construtivas e vexetais precisas de topografía, materiais e vexetación que se adapten a este percorrido e eviten calquera impacto visual, con respecto á normativa vixente.

Esta nova infraestrutura viaria se plantexa como un elemento de oportunidade de cara ao futuro, reflectida no desenvolvemento do planeamento, xa que á vez que se incorpora un viario rodado de acceso e saída dos espazos escolares e deportivos do CEIP á estrada autonómica que aumentará a seguridade viaria na área, o itinerario peonil proxectado poderá integrarse nunha futura zona verde (prevista nos estándares da LSG incorporadas na ficha de xestión do ámbito do PXOM aprobado provisionalmente) que sirva de conector entre ela, o equipamento escolar e as súas instalacións deportivas e de lecer.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

II.III. Integridade documental do expediente e actuacións administrativas realizadas

O Plan Especial de Infraestruturas, que neste intre se somete a aprobación definitiva, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro xeral desta XMU con data 11.03.2025 asociada ao documento número 250054530; conformado pola documentación que de seguido se relaciona, dando cumprimento ao disposto no artigo 184 do RLSG: OO.INDICE; 01.MEMORIA XUSTIFICATIVA: 01.01. Parte I. Información, 01.02. Parte II. Xustificación, 01.03.01. Anexo I. Ficha resumo 01.03.02. Anexo II. Estudo de avaliación da mobilidade 01.03.03. Anexo III. Ficha de vixencia do planeamento 01.03.04. Anexo IV. Titularidade das parcelas catastrais 01.03.05. Anexo V. Estudo acústico 01.03.06. Anexo VI. Estudo da Paisaxe 01.03.07. Anexo VII. Xustificación de Informes 01.03.08. Anexo VIII. Xustificación de alegacións; 02.PLANOS DE INFORMACIÓN XERAL E PLANOS DE INFORMACIÓN DO SECTOR; 03.PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA; 04.NORMAS URBANÍSTICAS; 05.CÁLOGO: 05.01. Memoria; 05.02. Fichas que integren o plano de información e situación do elemento catalogado; 05.03. Normas de protección para cada nivel; 06.ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA: 06.01. Estudo económico; 06.02. Memoria de Viabilidade económica; 07.AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA: 07.01. Documento ambiental estratéxico, 07.02 Planos, 07.07. Informe Ambiental Estratéxico, 07.08. Anexos; 08.MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DO PXOM: 08.01. Memoria xustificativa, 08.02. Plano de ordenación, 08.03. Documento refundido.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación técnica *supra* relacionada, informou en data 11.03.2025 a arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico, no que conclúe que se entende cumprido o condicionado do informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 12.02.2025, e procede elevar o expediente ao órgano competente para a aprobación definitiva; Pola súa banda, e respecto aos aspectos relacionados co planeamento de novas infraestruturas e, de xeito particular, no referido ao novo vial de accesos ao centro informou en data 17.11.2024 o enxeñeiro de camiños do servizo de urbanización e infraestruturas (trámite 397 do expediente electrónico); Respecto ao axuste da documentación do PEI as normas técnicas de planeamento, informou en data 15.11.2024 a arquitecta adscrita ao servizo de planeamento e xestión (trámite 391 do expediente electrónico)

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos do presente PEID, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, con data do 09.04.2024 o Interventor xeral municipal emite informe de fiscalización (trámite 188) no que conclúe que, *<<Tendo o Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña a natureza de Plan Especial non previsto no PXOM/1993, conforme ao indicado no informe-proposta que, conforme á normativa aplicable, ten por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos termos da LSG e o RLSG, a súa tramitación e aprobación non está sometida a fiscalización previa da Intervención municipal, por non constituír un acordo que comporte a aprobación de gastos ou recoñecemento de obrigacións de pago, nin tampouco se esixa a constancia no expediente de documentación de retención de crédito respecto dos investimentos que deba acometer a Administración actuante a resultados das determinacións do instrumento de planeamento, de ser o caso, nin tampouco ao control financeiro xa que non se trata dunha materia para a que legalmente se esixe unha maioría especial. (..)*

Conclusiones: Primeira.- O expediente 18337-411, no que se propón aprobar inicialmente o «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», non está sometido a función interventora, xa que non supón a aprobación ou autorización de gastos, nin se esixe a constancia no expediente de documentación de retención de crédito para o financiamento das infraestruturas previstas no mesmo. A estes efectos, a documentación incorporada no expediente estima uns custes totais da actuación de 1.102.101,96 euros, importe que constitúe unha mera aproximación ou estimación da inversión proxectada. O financiamento da infraestructura, así como o resto de custes da urbanización, realizarase na súa totalidade con recursos propios do Concello de Vigo. Segunda.- Tampouco está suxeito a control financeiro pola intervención xeral municipal, xa que ao tratarse dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non se trata dunha materia para a que legalmente se esixa unha maioría especial ; Terceira.- Conforme ao disposto no artigo 12.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, e demais normativa concordante e aplicable, o expediente examinado incorpora un informe ou memoria de sostibilidade económica, aínda que o citado documento limítase a concluír que en canto ao custo do mantemento das infraestruturas ou de prestación de servizos urbanos que se deban implantar despois da recepción das obras de urbanización, estes corresponderán integramente ao Concello de Vigo, sen mención adicional algunha.

En calquera caso, esta intervención considera que tendo en conta as magnitudes orzamentarias deducidas da liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2023, en particular, como magnitudes mais representativas para avaliar a capacidade de afrontar novos gastos a existencia dun aforro bruto de 36 millóns de euros e un aforro neto legal de 39,36 millóns de euros, considérase que a facenda local ten marxe suficiente par facer fronte ao gasto que se derive da actuación..>>

II.IV. Avaliación ambiental estratéxica

Consta como se ten significado no corpo da presente, Resolución do 27.09.2021 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao «Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria,(expediente 2021AAE2592), ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevén efectos ambientais significativos.

II.V. Informes Sectoriais

Durante a tramitación do Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, solicitáronse os seguintes informes sectoriais preceptivos das Administracións públicas competentes, na súa correspondente fase/ e ou trámite do presente procedemento:

- Previos a aprobación inicial: Informe da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de data 03.05.2022 que conclúe xustificada a creación do acceso e respecto das servidumes acústicas; Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil de data 11.12.2023.
- Trala aprobación inicial: Informe da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) do 22.08.2024, de carácter favorable (condicionado); Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), do 11.07.2024 (favorable); Delegación do Goberno en Galicia, do 05.06.2024 (sen afectación deste proxecto; Subdirección Xeral de Operadores de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, do 05.07.2024 de carácter favorable, e informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do 27.05.2024 de carácter declarativo

II.VI. Procedemento e tramitación

O presente PEID, ten a natureza dun instrumento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustouse as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito e co resultado que se detallou polo miúdo nos antecedentes de feitos do presente informes.

Xa que logo, debidamente cumprimentados os anteditos trámites, procede que por parte do Pleno do Concello se acorde a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

II.VII. Conclusións

Tralo análise técnico e xurídico da documentación presentada en data 11.03.2025 (Doc. Núm.250054530) do «Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» versión para a súa aprobación definitiva, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e procede a súa aprobación definitiva.

II.VIII. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, (artigos 75.4 LSG e artigo 123.1.i), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU(AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRRL e 47 e ss. ROF).

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU Secretario Xeral do Pleno, [art. 13 Estatutos da XMU, art. 3.3.d) 7º RD 128/2018 de 16 de marzo], propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte.../...»

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de marzo de 2025, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o correspondente informe xurídico.

DITAME. Con data 18 de marzo de 2025, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «*Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en data 11.03.2025 asociada ao Doc. Núm. 250054530, que se corresponde coa versión para a súa aprobación definitiva, documentación datada en febreiro de 2025, e cuxos documentos están provistos da sinatura electrónica válida do arquitecto- coordinador dos traballos A.J.S.C.

SEGUNDO: Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia (consignando a referencia do DOGA no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestrutura, para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 199 do Regulamento da LSG (Real Decreto 143/2016).

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ no apartado de Planeamento de Desenvolvemento Aprobado, e no portal de transparencia.

CUARTO: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

QUINTO: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

.- **Incidencia. En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

.- **Incidencia. Sendo as 9:50 horas, auséntase da sesión plenaria o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Acalde, Sra. Silva Rego. Así mesmo auséntanse da sesión a concelleira Sra. Rodríguez Calviño e o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

MOCIÓNS:

5.(43). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO Á MANIFESTACIÓN NACIONAL DO DÍA 6 DE ABRIL EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. PLENO 4876/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2025, número 4876/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EN APOIO Á MANIFESTACIÓN NACIONAL DO DÍA 6 DE ABRIL EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- A Máis Atención Primaria: Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.

- B Máis Atención Hospitalaria: utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.
- C Máis Sanidade Pública: incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública
2. Instar ao Goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, mais dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.03.25 (Rex. Nº 4876/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *"En apoio á manifestación nacional do día 6 de abril en defensa da Sanidade Pública"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:15 horas, incorpórase á sesión a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Calviño. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

6.(44). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA O DÍA 6 DE ABRIL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN DEFENSA DE MÁIS ATENCIÓN PRIMARIA, HOSPITALARIA E MÁIS SANIDADE PÚBLICA GALEGA. EXPTE.4878/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2025, número 4878/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Despois da gran manifestación celebrada en Vigo, organizada pola Plataforma SOS Sanidade Pública, acordouse convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que se expuxeron de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Público para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP de Galicia.

O Concello de Vigo súmase ás reivindicacións que resumidamente se expoñen:

-Mais Atención Primaria: Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.

-Mais Atención Hospitalaria: utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e non a ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.

-Mais Sanidade Pública: incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Apoiar a Manifestación convocada o día 6 de abril en Santiago de Compostela, en defensa de máis atención primaria, hospitalaria, e máis sanidade pública galega."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.03.2025 (Rex. Nº 4878/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, *"En apoio á manifestación convocada o día*

6 de abril en Santiago de Compostela, en defensa de más atención primaria, hospitalaria e máis sanidade pública galega”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:28 horas, auséntase da sesión o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

7.(45). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DOS APARCADOIROS DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO, PERTENCENTES AO SERGAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4881/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2025, número 4881/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Neste Pleno temos denunciado de forma reiterada que o Hospital Alvaro Cunqueiro constitúe unha auténtica privatización da Sanidade. Un modelo que constituíu un encarecemento do mesmo en 470 millóns de euros, segundo recoñecía o informe do Consello de Contas. A Comisión de Investigación, creada para o efecto no Parlamento de Galicia, deixou ás claras ese sobrecusto.

En datas recentes coñecemos as conclusións dun estudo publicado na revista International Journal of Healthcare Management, remitido antes do informe do Consello de Contas, que conclúe que o Cunqueiro construíuse co modelo máis caro. O estudo conclúe que "non era o mellor modelo e o que se fai é trasladarlle o custo ás xeracións futuras".

Un dos aspectos que afecta directamente aos usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro é o relativo ao aparcamento do mesmo, do que reclamamos aquí de forma reiterada a gratuidade do mesmo para traballadores e usuarios, que soportan os 365 días do ano as tarifas do mencionado aparcamento, o que se converte nun copagamento á Sanidade.

Foi o Concello, como sempre, a única Administración que puxo ao dispor dos usuarios un aparcamento gratuíto de 400 prazas. Ante a insuficiencia de espazo para poder ampliar este aparcamento gratuíto por parte do Concello, reclamamos a cesión dunha parcela do Complexo Hospitalario para ampliar as prazas gratuítas.

O goberno da Xunta negouse, de forma sistemática, a decretar a gratuidade e a cesión da parcela que permita incrementar o número de prazas gratuítas. Transcorrido xa un ano do novo goberno da Xunta e dado que non se dá cumprida resposta ás necesidades da cidade e da área Sanitaria, é polo que se propón ao Pleno da Excelentísima Corporación de Vigo que adopta os seguintes

ACORDOS

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, da mesma forma que é gratuíto o aparcamento construído polo Concello.
- Instar ao goberno da Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario ao obxecto de construír un

novo aparcamento para utilización gratuíta polos traballadores e usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2025 (Rex. Nº 4881/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Istando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS e outros acordos complementarios"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:48 horas, incorpórase á sesión o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

8.(46). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A POR EN MARCHA UN PLAN PARA REBAIXAR AS LISTAS DE ESPERA DE CONSULTAS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4882/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2025, número 4882/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024.

Na Area Sanitaria Vigo temos 71.204 persoas esperando unha consulta, unha proba diagnóstica ou unha ciruxía.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Vigo, son as listas de espera.

O Conselleiro dixo na presentación dos datos: “Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente”. Non olvidemos, que non hai moito, o Conselleiro, nos pedía darlle “importancia relativa” ás listas de espera. Pero noutras

declaraci3n achacaba as listas de espera, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Non pode ser que en cada presentaci3n, se busquen xustificaci3ns a non soluci3n das largas listas de espera. E urxente 3 camiñar hacia adiante, rebaixando ditas listas e non que cada ano se incrementen.

Porque non 3 tan dif3cil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificaci3n das enfermidades etc. E na maior parte das veces, inseguridade porque unha consulta 3 imprescindible para facer un diagnostico por parte dos facultativos e que paciente sepa realmente o que lle pasa. Pero tam3n unha proba e moitas veces decisiva e xa non falemos da necesidade de unha cirurx3a.

Pero vemos que pasa o tempo e non se pon remedio as abultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares. Esta l3nea ascendente, pon ao descuberto a nula vontade pol3tica do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporaci3n a aprobaci3n dos seguintes

ACORDOS

- Intar 3 Xunta de Galicia a por en marcha un plan, con obxectivos medibles, para rebaixar as listas de espera de consultas na 3rea Sanitaria de Vigo a 31.12.2025.
- Intar 3 Xunta de Galicia a por en marcha un plan, con obxectivos medibles, para rebaixar as listas de espera de probas diagn3sticas na 3rea Sanitaria de Vigo a 31.12.2025.
- Intar a Xunta de Galicia a por en marcha un plan, con obxectivos medibles, para rebaixar as listas de espera de ciruxia na 3rea Sanitaria de Vigo a 31.12.2025."

DELIBERACI3NS: Constan no arquivo audiovisual da sesi3n incorporado 3 Acta.

.- **Incidencia. Sendo as 10:58 horas, no transcurso do debate incorp3ranse 3 sesi3n o Sr. Alcalde que volve a presidir a sesi3n e o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira; e aus3ntanse a primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego e a concelleira, Sra. Iglesias Gonz3lez, do grupo municipal Socialista. Contin3a a sesi3n co debate e votaci3n dos asuntos incluídos na orde do d3a coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constit3en o n3mero legal de membros da Corporaci3n.*

VOTACI3N: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), se3ores e se3oras, Aguiar Castro, Alonso Su3rez, Aneiros Pereira, Caride Est3vez, Espinosa Mangana, Est3vez Rodr3guez, Fern3ndez P3rez, G3mez D3az, Iglesias L3pez, Lago Barreiro, L3pez Font, Mej3as Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas Gonz3lez, Rodr3guez Calvi3o, Rodr3guez Rodr3guez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), se3ora e se3ores, Abalde Comesa3a, Mart3nez Pi3eiro e P3rez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular se3oras e se3ores, Benavides Alonso, Garc3a Gonz3lez, Gonzalez Abeij3n, Mart3n Pe3a e S3nchez M3ndez, o Pleno da Corporaci3n municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2025 (Rex. Nº 4882/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Instando á Xunta de Galicia a por en marcha un plan para rebaixar as listas de espera de consultas na área Sanitaria de Vigo e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11, 08 horas, incorpórase á sesión a primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.(47). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA APOIO PARA ESIXIR Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL A PUBLICACIÓN DOS CRITERIOS E PUNTUACIÓNS DAS CANDIDATURAS PRESENTADAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4883/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2025, número 4883/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

A maior competición de fútbol do mundo a nivel de seleccións volverá a celebrarse en España despois de 48 anos. España, xunto con Portugal e Marrocos, volverá a albergar o Mundial de fútbol, unha competición que contará coa participación de 48 seleccións nacionais dos 5 continentes.

A cidade de Vigo foi unha das cidades que presentou a súa candidatura para ser unha das sedes do Mundial 2030. Dende o primeiro momento mostrou o seu interese e presentou un proxecto sólido, consistente e con todas as garantías de bo funcionamento.

A principios do mes de xullo de 2024 o ex presidente da Deputación de Pontevedra, ex presidente da Federación Galega de Fútbol e actual presidente da Real Federación Española de Fútbol, Rafael Louzán, anuncia que a sede de Vigo está descartada para a cita mundialista nunha rolda de prensa no estadio de Riazor. Unhas declaracións intolerables xa que ese anuncio faise antes de calquera tipo comunicación oficial, ao Concello de Vigo, por parte da Real Federación Española de Fútbol e da publicación dos supostos criterios que se aplicaron para a selección das 13 sedes presentadas.

Dúas semanas despois desas declaracións o Concello de Vigo recibe un correo electrónico de "candidatura 2030" da Federación Española, no que se comunica que a sede de Vigo non foi seleccionada para formar parte da candidatura ao Mundial 2030. Á vista desa comunicación e ante a total opacidade que se desprende das actuacións do comité directivo da candidatura en relación ao proceso de selección das sedes, o Concello de Vigo, o 20 de xullo de 2024, envía unha comunicación á Federación Española solicitando coñecer os criterios obxectivos e os baremos empregados para a selección das candidaturas e as actas nas que consten as puntuacións outorgadas a cada unha das 13 sedes aspirantes.

O día 2 de Agosto de 2024 o Concello recibe unha comunicación da Federación que di literalmente "Vigo obtuvo en el procedimiento de selección de los resultados más bajos en cuanto a la estructura financiera" Hai que recordar que Vigo é o único Concello das candidaturas que ten débeda cero.

Hai unhas semanas, cambiaron o argumento e o propio Louzán, apuntaba ao tamaño do estadio como excusa.

Outra afirmación intolerable xa que no propio proxecto presentado está contemplada unha reforma coa que se alcanzan os 43.000 asentos netos e os 45.000 brutos, como solicita a FIFA.

Ante esta situación o alcalde de Vigo diríxese ao presidente da Xunta de Galicia para pedirlle que solicite á Federación Española de Fútbol a publicación das puntuacións das sedes que optaron ao mundial e defenda a candidatura de Vigo.

O día 25 de febreiro de 2025 o Alcalde de Vigo, recibe unha carta do Conselleiro de presidencia da Xunta de Galicia, Diego Calvo, na que fai diversas apreciacións negativas en relación ao proxecto de Vigo para ser sede do Mundial de fútbol 2030. Nesa carta afirma literalmente "sentimos que as posibles carencias que puidese ter a proposta olívica xunto coa ausencia de influencia do goberno local, non permitisen a Vigo pasar o corte." Unha frase gravísima é intolerable na que ven a afirmar que a Vigo non se lle adxudica a sede do Mundial por ausencia de influencia. Está afirmando que as sedes do mundial se adxudicaron polas influencias que os gobernos locais puideran ter. Debemos recordar que a selección das sedes viu precedida dunha convocatoria pública, cunhas bases, e as candidaturas presentadas deberían ter sido seleccionadas en bases a os méritos e á avaliación dos méritos de acordo aos criterios das bases da convocatoria e non dependendo da posible influencia que tiveran os gobernos locais.

Pero sorprendentemente, os días 24 e 25 de marzo de 2025 o xornal "El Mundo" publica unha información que apunta á manipulación das puntuacións das sedes candidatas a acoller o Mundial 2030, co seguinte titular: "La Federación Española de Fútbol manipuló las puntuaciones del Mundial 2030 para dejar fuera a Vigo y meter a Anoeta"

Esa información revela que, no primeiro documento de valoracións do equipo responsable (nun encontro celebrado no despacho de Fernando Sanz), Balaídos sumaba 10,2 puntos, quedando no posto 11, sendo así unha das sedes seleccionadas e que 48 horas despois de pechar ese documento, a Federación o modificou quedando fora a sede de Vigo.

Revela tamén que a Federación non tivo en conta o criterio recomendado polo Goberno de que se puntuase tamén a veciñanza das sedes cos países veciños, requisito que Balaídos cumpre ao estar cerca da fronteira con Portugal.

Ese primeiro listado firmado polo comité técnico avaliador decide que Vigo forme parte das sedes mundialistas e 48 horas despois alguén cambia a decisión e Vigo queda fora das sedes do Mundial.

Por outro lado, resultan sorprendentes as declaracións da Concelleira e Presidenta do Partido Popular de Vigo, Luisa Sánchez, nas que afirma que o proxecto de Vigo ten "carencias", poñéndose ao lado dos que queren que a candidatura de Vigo estea fora do mundial. Rexeitamos de forma contundente esas declaracións e esiximos que explique os motivos nos que se basea para facer esas afirmacións.

Todas estas informacións que coñecemos, sumadas ás sucesivas declaracións e comunicacións que se fixeron, confirman que estamos ante unha decisión intolerable e pon de manifesto a opacidade, denunciada polo Concello de Vigo, en todo o proceso de selección das sedes do Mundial 2030.

Por todo iso, o Grupo municipal Socialista no Concello de Vigo presenta os seguintes:

ACORDOS

- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, que apoie a petición do Concello de Vigo, esixindo á Federación Española de Fútbol a publicación de todos os criterios e puntuacións de todas as candidaturas presentadas. Petición que lle foi

formulada por carta o día 25 de febreiro e da que non se obtivo resposta, gardando un vergonzoso silencio.

- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia, o cese inmediato do Conselleiro da Presidencia, Diego Calvo, tras afirmar que unha das causas da exclusión da candidatura de Vigo debeuse á falta de influencia do goberno local. O que significaría que as asignacións das sedes do Mundial non se terían feito en base aos méritos obxectivos de cada candidatura
- Demandar, explicacións, de xeito inmediato, ao Presidente da Real Federación Española de Fútbol, Rafael Louzán sobre todo o proceso de selección de candidaturas e os criterios empregados, aportando a documentación e actas firmadas electronicamente e explicando quen retirou a Vigo do listado de cidades seleccionadas, unha vez que a exclusión de Vigo fora anunciada polo propio Rafael Louzán o 5 de Xullo de 2024.
- Rexeitar de forma contundente as declaracións da Concelleira e Presidenta do Partido Popular de Vigo, Luisa Sánchez, nas que fala das carencias da candidatura de Vigo. Unhas afirmacións rotundamente falsas e que significan poñerse ao lado de todos aqueles que se opuxeron á candidatura de Vigo.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de marzo de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4886/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font e poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓ: Con dezoito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; e oito (8) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2025 (Rex. Nº 4883/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Instando ao Presidente da Xunta de Galicia apoio para esixir á Federación Española de Fútbol a publicación dos criterios e puntuacións das candidaturas presentadas e outros acordos complementarios"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Atendendo ao sinalado ao inicio deste acta na resposta do Sr. Alcalde ás cuestións de orde formuladas ao inicio da sesión, o punto 10º da orde do día que figuraba na parte de resolutiva da orde do día se pasa á parte de control coa mesma numeración que tiña na orde do día da convocatoria.*

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS:

10.(48). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A EXCLUSIÓN DE BALAIÓDOS DA LISTA DE ESTADIOS SELECCIONADOS PARA O MUNDIAL 2030. EXPTE. 4884/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2025, número 4884/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A EXCLUSIÓN DE BALAIÓDOS DA LISTA DE ESTADIOS SELECCIONADOS PARA O MUNDIAL 2030

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns día 24 de marzo o xornal El Mundo destapaba unha posible alteración da RFEF nas puntuacións das sedes do mundial de fútbol 2030.

Segundo este xornal, nunha primeira lista, aínda por coñecer se se trata só dun borrador, o estadio municipal vigués figuraba entre os once seleccionados, cunha puntuación de 10,2004. Porén, apenas 48 horas despois, a candidatura viguesa viuse superada pola de Anoeta no devandito excel. Deste xeito, o estadio donostiarra pasou a contabilizar unha puntuación final de 10.6026, deixando fora da lista definitiva a Balaídos.

Unha noticia que deixa importantes dúbidas sobre o proceso de selección das sedes mundialistas, tal e como quedou reflectido tamén no audio da reunión mantida polos avaliadores, revelado por ese mesmo diario, e no que literalmente pódese escoitar "Vamos a meter valores hasta que nos cuadre el resultado".

Diante de esta polémica, e aínda que a RFEF ten anunciado que revisará o proceso de selección, faise necesario a máxima transparencia e rigor para coñecermos que é o que ten realmente acontecido.

Compre, xa que logo, un traballo técnico e contrastable que aclare o procedemento para a designación das sedes do Mundial de fútbol 2030, esixindo todas as explicacións e aclaracións pertinentes fronte ao escurantismo e proceso caótico no que se viu involucrada esta cidade

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

1º.- Mostrar o apoio deste pleno á candidatura de Vigo para converter a Balaídos en sede do Mundial de fútbol 2030

2º.- Exixir da RFEF que faga públicos os criterios de baremación e as puntuacións técnicas de todas as cidades que aspiraban a acoller partidos da fase final del Mundial 2030.

3º.- Demandar conversacións directas e un traballo técnico rigoroso entre o Concello de Vigo e a RFEF para abordar dun xeito serio e contrastable o procedemento levado a cabo para a designación das sedes do Mundial de fútbol 2030 e esclarecer o acontecido."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de marzo de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4887/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez e poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e dezoito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.03.2025 (Rex. Nº 4884/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, *"Sobre a exclusión de Balaídos da lista de estadios seleccionados para o Mundial 2030"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

11.(49). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 17/02/25 E O 23/03/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1829/1102 (EXPTE. PLENO 4879/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/02/25 e o 23/03/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4879/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12.(50). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 17/02/25 E O 23/03/25, INCLUIDAS NO EXPEDIENTE 1872/1102 (EXPTE. PLENO 4880/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 17/02/25 e o 23/03/25, incluídas no expediente 1872/1102 (Expte. Pleno 4880/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13. FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.1.(51). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que o Goberno municipal modifique e complete o proxecto de reforma do antigo

centro de saúde de Teis para a instalación dunha verdadeira biblioteca, con servizos, persoal e fondos bibliotecarios, tal e cono vén reclamando a veciñanza de Teis e como prometeu Abel Caballero hai máis de dez anos, en lugar de apenas unha sala de lectura».

13.2.(52). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que se reforce o servizo de limpeza nas festas populares e de interese turístico como a Reconquista, donde os veciños queixáanse da suciedade e a tardanza nas labores de recollida do lixo xerado de la limpeza nas rúas e prazas»

14. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14.1.(53). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Ten previsto o Goberno municipal ofrecer algún espazo municipal para o seu uso por parte da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", após o inxustificado desaloxo da sede que tiña cedida por convenio en vigor na Praza da Princesa número 7, e atendendo ao interese público xeral da actividade dunha entidade que ten a condición de Viguesa Distinguida e que representa a preto de 40 asociacións veciñais da cidade?»

14.2.(54). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cando vai a aprobar este goberno local o proxecto técnico das zonas de baixas emisións, logo de que o prazo comprometido para facelo remate hoxe?»

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario de Marzo 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 31 de Marzo de 2025 09:10:24
Fecha Fin : Lunes, 31 de Marzo de 2025 12:24:35
Duración : 03:14:11

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3551

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.5 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/L96vGzu9yYCeTovFNux0yuZVAhaGPCCH2xqx01S6Hfi31ZRj.wmv>
SHA512 - 2899d4d1264d7668485a8eeab2cc106575bd33c5886824d2f5d2208afc7f9f74093f7ba2011d67ee0353eac24f375f001359079b87ff22e174dbe077a8bc8bf0

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/1nXMt5DCuE2IbUctC9Luir7I79pazn7Mr0H7T7oc9KHdZQ0B.mp4>
SHA512 - 8b9aa3920e54260061d3e4310bd9d10b6477bfec498c03bead5dae08a66ebc0f1fc568a

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:52 - Caballero Álvarez, Abel
 00:01:40 - Martín Peña, José Miguel
 00:01:52 - Caballero Álvarez, Abel
 00:03:13 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:04:27 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:04:40 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 24 de febreiro, extraordinaria e urxente do 6 de marzo, extraordinaria do 13 de marzo, extraordinaria do 13 de marzo e extraordinaria do 20 de marzo.
- 00:04:55 : 2. Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2022 do Concello de Vigo; dación de conta. Expediente 1696/110 (Expte. Pleno 3172/1101).
- 00:05:06 - López Font, Carlos
 00:05:21 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:45 - López Font, Carlos
 00:10:19 - Caballero Álvarez, Abel
 00:10:24 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:14:55 - Caballero Álvarez, Abel
 00:14:59 - Martín Peña, José Miguel
 00:19:48 - Caballero Álvarez, Abel
 00:19:58 - López Font, Carlos
 00:23:01 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:23:11 : 3. Solicitud de compatibilidade laboral de empregada municipal. Expediente 46074/220 (Expte. Pleno 4839/1101).
- 00:23:30 - Votación [9:33:54]
- 00:23:46 : 4. Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña. Expte. 18337/411 (Expte. Pleno 4875/1101)
- 00:24:09 - Caride Estévez, María José
 00:29:17 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:34:07 - Caballero Álvarez, Abel
 00:34:12 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:34:42 - Caballero Álvarez, Abel
 00:34:48 - Caride Estévez, María José
 00:35:25 - Caballero Álvarez, Abel
 00:35:29 - Caride Estévez, María José
 00:37:51 - Caballero Álvarez, Abel
 00:38:00 - Votación [9:48:24]
 00:38:27 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 00:39:40 : 5. Moción do grupo municipal do BNG en apoio á manifestación

nacional do día 6 de abril en defensa da Sanidade Pública. Expte. Pleno 4876/1101.

00:39:52 - Pérez Iglesias, Xabier
00:45:06 - Martín Peña, José Miguel
00:49:55 - Silva Rego, Carmen
00:50:02 - Espinosa Mangana, Elena
00:55:06 - Silva Rego, Carmen
00:55:29 - Silva Rego, Carmen
00:55:38 - Pérez Iglesias, Xabier
00:58:46 - Silva Rego, Carmen
00:58:52 - Votación [10:09:16]

00:59:15 : 6. Moción do grupo municipal Socialista en apoio á manifestación convocada o día 6 de abril en Santiago de Compostela, en defensa de máis atención primaria, hospitalaria e máis sanidade pública galega. Expte.4878/1101

00:59:35 - Espinosa Mangana, Elena
01:04:38 - Silva Rego, Carmen
01:04:49 - Pérez Iglesias, Xabier
01:09:52 - Silva Rego, Carmen
01:09:58 - Martín Peña, José Miguel
01:15:00 - Silva Rego, Carmen
01:15:07 - Espinosa Mangana, Elena
01:18:14 - Silva Rego, Carmen
01:18:21 - Votación [10:28:45]

01:18:47 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS e outros acordos complementarios. Expte. 4881/1101.

01:19:08 - López Font, Carlos
01:21:28 - Silva Rego, Carmen
01:21:38 - López Font, Carlos
01:24:12 - Silva Rego, Carmen
01:24:18 - Martínez Piñeiro, Ana
01:28:51 - Silva Rego, Carmen
01:28:58 - Benavides Alonso, Daniel
01:34:06 - Silva Rego, Carmen
01:34:12 - López Font, Carlos
01:37:12 - Silva Rego, Carmen
01:37:19 - Votación [10:47:42]

01:37:49 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a por en marcha un plan para rebaixar as listas de espera de consultas na área Sanitaria de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 4882/1101.

01:38:17 - Espinosa Mangana, Elena
01:43:14 - Silva Rego, Carmen
01:43:19 - Abalde Comesaña, Filipe
01:48:30 - Caballero Álvarez, Abel
01:48:34 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:53:32 - Caballero Álvarez, Abel
01:53:37 - Espinosa Mangana, Elena
01:56:45 - Caballero Álvarez, Abel
01:56:56 - Votación [11:07:19]

01:57:29 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia apoio para esixir á Federación Española de Fútbol a publicación dos criterios e puntuacións das candidaturas presentadas e outros acordos complementarios. Expte. 4883/1101.

01:57:53 - López Font, Carlos
02:02:55 - Caballero Álvarez, Abel
02:03:07 - Pérez Iglesias, Xabier

02:08:12 - Caballero Álvarez, Abel
 02:08:18 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:13:23 - Caballero Álvarez, Abel
 02:13:32 - López Font, Carlos
 02:16:36 - Caballero Álvarez, Abel
 02:16:45 - Votación [11:27:09]

 02:17:42 : 10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a
 exclusión de Balaídos da lista de estadios seleccionados para o
 Mundial 2030. Expte. 4884/1101
 02:18:25 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:23:39 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:28:48 - Caballero Álvarez, Abel
 02:28:52 - López Font, Carlos
 02:34:02 - Caballero Álvarez, Abel
 02:34:11 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:37:05 - Caballero Álvarez, Abel
 03:10:02 - Votación [12:20:25]

 03:10:31 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o
 17/02/25 e o 23/03/25, incluídas no expediente 1829/1102
 (Expte. Pleno 4879/1101)

 03:10:44 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as
 delegados/as, ditadas entre o 17/02/25 e o 23/03/25,
 incluídas no expediente 1872/1102 (Expte. Pleno 4880/1101).

 03:10:53 : 13. Formulación de rogos.
 03:11:05 - Martínez Piñeiro, Ana
 03:11:26 - Caballero Álvarez, Abel
 03:11:53 - Martín Peña, José Miguel
 03:12:06 - Caballero Álvarez, Abel

 03:12:25 : 14. Formulación de preguntas.
 03:12:29 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:13:09 - Caballero Álvarez, Abel
 03:13:19 - Martín Peña, José Miguel
 03:13:34 - Caballero Álvarez, Abel
 03:14:11 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e vinte e catro minutos (12:24) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 7/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
 Ma del Carmen Silva Rego
 Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
 Jose Villan Fuertes